

CENTRO DE DOCUMENTACIÓN E RECURSOS FEMINISTAS DE VIGO

Obradoiro de escrita creativa coa poeta támara Salma

Venres 3 de xuño de 2011

17:00 a 19:30 h

a FINALIDADE deste obradoiro é promover un intercambio de puntos de vista, dende a perspectiva literaria e a humana, que manifeste que malia pertencer a culturas aparentemente moi distintas, as persoas asistentes poden descubrir que son máis as cousas que as achegan que as que as separan.

SALMA. Rokkiah, máis coñecida como Salma (Thuravarankurichi, 1970) é unha das escritoras támara máis relevantes do panorama literario indio. Salma provén dunha familia tradicional musulmá dunha aldea próxima á cidade de Tiruchirapalli, e como moitas rapazas da súa rexión non rematou a escola primaria. Aínda así, dende os trece anos comezou a escribir poesía e máis adiante comezou a publicar en revistas literarias. Durante anos escribiu na clandestinidade pola oposición da súa familia. Salma ten publicadas varias antoloxías poéticas, entre elas *Oru malaiyum, innoru malaiyum (Unha tarde, outra tarde)* e *Pachai Dvadhai (A deusa verde)*, e tamén unha novela titulada *Irandaam Jaamangalain Kathai (A historia da medianoite)*, editada por Xerais con tradución ao galego de María Reimóndez. Salma representa neste momento a única voz de muller musulmá no panorama literario de Tamil Nadu. Por outra banda, a súa obra foi obxecto de críticas destrutivas por parte de varios sectores literarios polo uso da sexualidade feminina dunha maneira aberta na súa obra e tamén polo contido feminista dos seus escritos. Ademais, dende o ano 2001 Salma decidiu levar o seu activismo ao campo da política, onde foi elixida membro do Panchayat (assemblea local) para converterse máis adiante en candidata para o seu distrito electoral polo DMK, partido nacionalista támara laico e progresista.

Organiza: Implicadas No Desenvolvento
Colabora: Concellería de Igualdade
Coordinan: Salma e María Reimondez (escritoras)

Inscripción previa no teléfono 986 22 90 74 (luns, de 10 a 14 horas / martes a venres, de 10 a 14 e de 16 a 20 horas). Prazas limitadas